



CONCELLO DE BURELA

BANDO

BANDO RELATIVO ÁS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-CoV-2 NOS CEMITERIOS DO CONCELLO DE BURELA ANTE A FESTIVIDADE DE TODOS OS SANTOS DEFUNTOS

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

O Concello de Burela, no marco das competencias que lle son propias, de conformidade co disposto no réxime xurídico vixente, e sobre a base do protocolo emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, con data 22 de outubro de 2020, establece as seguintes medidas de prevención da infección polo virus SARS-CoV-2, nos cemiterios do Concello de Burela ante a «Festividade de todos os Santos Defuntos»:

PRIMEIRO.- MEDIDAS XERAIS DE PREVENCIÓN.

En todo o no previsto no presente Bando, será de obrigado cumprimento as medidas establecidas polas autoridades sanitarias competentes, en materia de prevención da infección polo virus SARS-CoV-2, en particular as establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, na Orde da Consellería de Sanidade do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como no Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, e no Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas por el SARS-CoV-2.

SEGUNDO.- MEDIDAS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN.

1ª) Desde a data de publicación do presente Bando, ata o 2 de novembro do 2020, poderán realizarse as tarefas de limpeza, conservación e calquera outra análoga dos nichos ou tumbas por parte dos familiares dos defuntos, no **horario comprendido entre as 07:00 ás 21:00 horas**, todo elo sen prexuízo das eventuais restricións que puidesen establecerse polas autoridades sanitarias competentes estatais ou autonómicas.

2ª). Establécese un **máximo de catro (4) persoas por grupo de visitas aos cemiterios do mesmo grupo familiar/convivintes**. En todo caso, non poderá haber ningún tipo de aglomeración tanto no interior do recinto dos cemiterios, como nos aparcadoiros anexos, e, a tal efecto, deberá cumprirse escrupulosamente as medidas de distanciamento interpersoal establecidas polas autoridades sanitarias competentes.

3ª) A **duración das visitas** deberá ser o máis breve posible e **en ningún caso, deberá ser superior a trinta (30) minutos**.

4ª) Non poderá facerse uso, en ningún caso, dos aseos sitios nas instalacións dos cemiterios.

5ª) Antes e despois do uso de calquera elemento ou instalación do cemiterio – billas, escadas, etc .-, as persoas usuarias deberán proceder a súa limpeza e desinfección con produtos de limpeza adecuados.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 3D6P32RGWAXE5FQX.4.Y647L9S | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



TERCEIRO.- RESPONSABILIDADE PERSOAL.

Sen prexuízo do obrigado cumprimento tanto das medidas previstas na normativa vixente, como no presente Bando, e sen prexuízo das eventuais sancións que puidesen impoñerse ás persoas responsables como consecuencia do seu incumprimento, instase a todas as persoas usuarias dos cemiterios do Concello de Burela, a que actúen con responsabilidade para que, neste contexto de grave crise sanitaria, non sexa preciso aplicar medidas de contención máis estritas e, polo tanto, que non sexa preciso ver que o enorme esforzo que está realizando nesta situación a nosa sociedade, se vexa frustrado.

O presente Bando municipal dítase pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, ao amparo das competencias que lle confiren os artigos 21.1, letra e), e 84.1, letra a), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, 61.1, letra f), e 286.1, letra a), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 41.13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ALFREDO LLANO GARCÍA
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 3D6P32RGWAXE5FQXL4Y647L9S | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2